

Da vida e da obra de Emilio Álvarez Blázquez

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2005]). “Da vida e da obra de Emilio Álvarez Blázquez”. En Emilio Álvarez Blázquez (ed.), *Poesía galega completa e textos en prosa*. Vigo: Xerais, 9-19. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/535>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2005). “Da vida e da obra de Emilio Álvarez Blázquez”. En Emilio Álvarez Blázquez (ed.), *Poesía galega completa e textos en prosa*. Vigo: Xerais, 9-19.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DA VIDA E DA OBRA DE EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Xesús Alonso Montero

Tudense de nobre estirpe literaria

Naceu en Tui o 16 de abril de 1919: xílgaro de corazón tenro e verso delicado, naceu cos merlos da primavera, eses merlos que nunca desapareceron do seu espírito nin sequera nos momentos en que a crueldade de certos homes se ensañou con el e cos seus.

Foron seis irmáns: Darío, Celso, Xosé María, Alfonso, Emilio e Álvaro, que é o que garda aínda o lume e a memoria daquel fogar. Dous dos máis vellos enriqueceron as Letras de Galicia con achegas inesquecibles. Aí está o inmenso labor –como editor, creador e sabio erudito– de Xosé María Álvarez Blázquez, e a obra, literaria e médica, do doutor Darío Álvarez Blázquez, capaz de tecer habilmente relatos policiacos e de trazar con decoro a biografía do médico e filósofo do XVI Francisco Sánchez, o escéptico autor de *Quod nihil scitur*. Na casa, o pai dos Álvarez Blázquez, o doutor Darío Álvarez Limeses, exercitaba, na prensa local, as musas do periodismo político.

Pero a Emilio e a seus irmáns a relación coas Letras vénlles do avó Emilio Álvarez Giménez (1830-1911), catedrático de materias literarias no Instituto de Pontevedra durante moitos anos. Na súa cátedra sempre estaba moi presente a máis ilustre das poéticas: a de Horacio. Ó maxisterio literario do avó e do pai refírese Emilio [10] nunha importante entrevista feita por María Alonso¹ poucos meses antes do seu pasamento. Na entrevista tamén se refírese ó maxisterio do seu irmán Xosé María, catro anos maior ca el:

–¿Por qué decidiu dedicarse a la poesía?

–Es una cuestión de tradición familiar. Mi abuelo, Emilio Álvarez Giménez, profesor de literatura, me inculcó la afición a las letras. Además, mi padre, que fue médico..., ejerció el periodismo e incluso fue fundador de periódicos. Mi hermano, José María, fue un gran poeta además de un investigador literario, y se puede decir que fue mi amigo y consejero desde pequeño.

Na Galicia moderna, moi poucas familias fixeron tantas e tan importantes achegas ás Letras. Unha mostra moi significativa foi recolleita polo escritor Xavier Rodríguez Baixeras no volume *Escolma de familia. Cen anos de poesía*², volume no que se dan cita oito voces:

¹ «Cosas y gentes/Emilio Álvarez Blázquez: ‘Empecé a escribir versos al nacer’», *Atlántico Diario*, Vigo, 17-4-1988 (esta entrevista terémola en conta noutros lugares desta introducción)

² Vigo, Xerais, 2000.

Emilio Álvarez Giménez (1830-1911), Xerardo Álvarez Limeses (1871-1940), Xosé M^a Álvarez Blázquez (1915-1985), Emilio Álvarez Blázquez (1919-1988), Emilio Álvarez Negrreira (1926-2003), Xosé M^a Álvarez Cáccamo (1950), Alfonso Álvarez Cáccamo (1952) e Celso Álvarez Cáccamo (1958). Nunha *Escolma* familiar que tivese en conta ós prosistas habería que incluí-lo nome de Xerardo Álvarez Gallego e Darío Álvarez Blázquez, que xa nos deixaron, e os de Darío e Alfonso Álvarez Gándara, autor este de textos políticos moi agudos, e aquel, de relatos policiacos, intrigantes como os de seu pai.

Nesa *Escolma* poderían figurar en apéndice as páxinas en prosa de Alexandre Bóveda, que casou, en 1930, con Amalia Álvarez Gallego.

Neste tecido familiar, tan vizoso nas Letras galegas desde as últimas décadas do XIX, fórxase a personalidade literaria de Emilio Álvarez Blázquez, quen confesou a María Alonso que empezara a escribir versos ó nacer. Hipérbole á parte, os primeiros textos literarios que coñecemos de Emilio son de 1935 e foron publicados en *Tude*, revista do instituto de Tui que dirixía o profesor Xesús Ferro Couselo.

Escritor de nobre estirpe civil

Na familia respirábanse inquedanzas políticas, case sempre vencelladas ó galeguismo. O pai do noso escritor, o doutor Darío Álvarez Limeses, de clara emoción galeguista, militaba, no ano 1936, en Izquierda Republicana, quizais engaiolado, como tantos e tantos profesionais, pola personalidade intelectual e política de don Manuel Azaña.

Era un médico moi querido pola xente do común, o que, en ocasións, provocaba a envexa insá dos profesionais menos recoñecidos e das familias tudenses instaladas na dereita tradicional, as familias que nunca lle perdoaron que en *La Opinión*, semanario que el fundara, denunciase caciquismos e inxustizas. Neste «humus» fraguouse a súa condena: o doutor Darío Álvarez Limeses foi fusilado pola grei dos sublevados, na madrugada do 30 de outubro de 1936. Emilio tiña 17 anos cando a traxedia se instala no corazón dos seis irmáns e da nai, dona María Blázquez, a quen o fillo, poeta delicado e doce onde os haxa, vai inmortalizar, décadas despois, en versos de espuma e vidro, os do libro *O tempo desancorado (Poemas para María Blázquez)*³. Publicado moi poucos meses antes do seu pasamento, son oracións coas que o poeta se consolou anos e anos, oracións nas que, ás veces, asoma a figura do pai «morto polo ferro irado»: [12]

É noso pai quen chama.
Ven triste, esfarrapado,
e nós non temos nada.

—Vaia con Dios, mi vida,
dille a nosa nai.
¡Cómo chora a pobriña!

—Eu non pido, María,
que só veño onde vós
a dar a despedida.

³ Vigo, Galaxia, col. Dombate, 1988.

que me levan á morte
os infames, os tortos,
os sañudos traidores.

Cando desperte o día
morrerei sen máis culpa
que ter a ialma limpa,

que amar a luz, o ar,
as palabras da paz,
a voz da liberdade...

–Vaia con Dios, mi alma,
vaia con Dios, mi vida...
¡Cómo chora a coitada,

cómo chora a pobriña,
cómo se lle parte o triste
corazón a María...!

[13] En 1999, un poeta da ilustre familia, Xosé María Álvarez Cáccamo, neto do doutor fusilado, evoca a execución na compañía de cinco homes honrados da vila: o doutor Alejo Diz Jurado, Serafín Fernández Costas (contratista de obras), Julio Fernández Fernández (aparellador, fillo de Fernández Costas), José Felipe Muñoz (oficial de Correos) e Manuel Domínguez León (propietario). Foi unha conmoción na pequena vila de Tui. Antes, algunhas familias honradas petaron, sen éxito, nas portas obrigadas a teren algunha comprensión. Unha das portas que non se abriu foi a do bispo Leopoldo Eijo Garay, que non tardaría en ser personaxe fundamental do peor nacionalcatolicismo franquista.

Emilio e os irmáns non só son vítimas, neses duros tempos, da traxedia, senón de portaren un estigma: «A los Álvarez Blázquez los perseguiremos hasta la tercera generación», berraban nos cafés os falanxistas da localidade, aqueles que, de feito, impuñan o estilo espiritual da época.

Dona María Blázquez, espírito delicado sen dúbida, posuía, para protexer ós seus de tanta adversidade, unha enerxía interior extraordinaria. Á súa beira, o fillo maior, Darío, xa médico desde 1932, vai se-lo pai daquela familia numerosa e hostigada. O fascismo local tampouco perdoa, á familia do doutor Darío Álvarez Limeses, o seren parentes próximos dun esclarecido representante da «anti España», Alexandre Bóveda, fusilado semanas antes (o 17 de agosto de 1936). Esta era a miseria e o terror do primeiro franquismo moito antes de que o noso escritor, Emilio Álvarez Blázquez, cumprise 20 anos. Por se fose pouco, antes de cumprilos, foi mobilizado, co seu irmán Alfonso, no Exército dos sublevados. Servía en automobilismo en Villambela (Valladolid) nos meses finais da Guerra Civil.

Sábese que non interveu en ningunha acción armada, o que sería para el un drama rigorosamente extraordinario. A guerra, sen embargo, trouxo máis traxedia a aquel fogar tan castigado. Nela [14] contrae unha grave tuberculose Celso Álvarez Blázquez, da que morrerá en 1940.

Emilio, que comezara o Bacharelato, por libre, no curso 1931-1932 no Instituto de Pontevedra, finalizouno no de Tui no verán de 1936. O seu é un magnífico expediente non só nas materias humanísticas. Neste eido cómpre reparar en tres asignaturas: Latín de 2º (sobresaliente), Preceptiva e Composición, de 4º (Matrícula de Honra) e Elementos de historia

xeral de Literatura, de 5º (Matrícula de Honra). Pola nosa parte, sospeitamos que anda aquí a sombra do profesor Emilio Álvarez Giménez, autor de valiosos manuais nalgunha destas materias.

Primeiros anos da posguerra

O 21 de abril de 1941 a familia Álvarez Blázquez –orfos de pai, dun irmán e dun tío idealista– trasládase de Tui a Vigo. A nova cidade abafa menos cá pequena vila, tan hostil e tan chea de lembranzas tristes. En Vigo, ó novo pai da familia, o doutor Darío Álvarez Blázquez, ábrense outras posibilidades profesionais e económicas, non tantas como para que os irmáns, algúns de clara vocación universitaria e con notables cualidades para o estudo, poidan trasladárense a Santiago de Compostela. É o caso de Emilio, que se limita a iniciar-la carreira de Dereito por libre.

En 1944 consegue impartir unhas clases de letras no Colexio Mezquita, o que constitúe unha modesta achega ás estreitas arcas familiares, e, en 1947, empeza a traballar nos escritorios do consulado de Uruguay, onde, axiña, se converterá en Chanceler. Con este cargo acada unha certa estabilidade económica. Antes desta estabilidade fai incursións no eido das Letras, froito dese verme literario, desa chamada á que algúns dos Álvarez Blázquez, aínda en tempos de penuria, non se subtraen. De 1947 é un texto moi poucas veces [15] citado: o guión teatral *El zapato de cristal* que, con escenografía de Pucho Boedo, foi estreado no Teatro «García Barbón», de Vigo.

Pouco despois de chegaren a Vigo, Darío, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez toman café no Derby con Valentín Paz Andrade, Xaime Isla, Fernández del Riego, Plácido R. Castro, Urbano Lugrís, Laxeiro... Son os cenáculos da época nos que está moi presente a conversa cultural e nunca ausente o discurso político, formulado sempre en voz baixa e moi elípticamente.

Moi vencellado sempre a Xosé María, irmán e mestre, colabora con el en dous libros moi distintos: *El libro del por qué* (1946) e a peza teatral *Los pazos activos*, estreada en Xixón en 1947 (tense dito, algunha vez, que *El zapato de cristal* é obra dos dous). En canto ó volume poético *Poemas de ti e de min*, de 1947, non é, en realidade, un libro en colaboración; trátase dun acto editorial no que Emilio e Xosé María asumen unha fervorosa camaradería literaria. Contén o libro dúas cubertas, ningunha, necesariamente, a primeira, e nel os textos de Emilio, dezasete poemas breves, ocupan menos páxinas cás de Xosé María.

O volume é un dos primeiros da colección de poesía pontevedresa «Benito Soto», dorna, ó seu modo pirata, que pilotaron, non sen risco, Sabino Torres Ferrer e Celso Emilio Ferreiro. Cómpre insistir no feito de que se trata da primeira colección de poesía publicada en Galicia despois de 1936, colección que, estreada en 1949 cun libro en castelán (*Madrigal*, de Emilio [Álvarez] Negreira), axiña se abriu ós escritores en galego: Cunqueiro, Carballo Calero, Luís Pimentel, Manuel María, Augusto Casas, Manuel Fabeiro e o poeta alófono Juan Pérez Creus. A colección, pois, na historia do discurso poético galego ten un significado histórico. Só durou dous anos; en 1951, o volume *Musa alemá*, traducido por Celso Emilio e Antonio Blanco Freijeiro, enfrontou ós editores coas autoridades políticas. Foi a fin da curiosa e interesante aventura [16] literaria. Pois ben, os primeiros poetas en galego en acudir en á cita de «Benito Soto» foron Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, autores de senllos poemarios que a editorial acolleu, como volume III e volume IV, no tomo terceiro, o primeiro en lingua galega.

Despois de 1950

Consolidase a súa situación no consulado de Uruguay e mellora considerablemente o estatus económico ó asumir unha importante función administrativa no Colexio de Farmacéuticos a partir de 1960. Son os anos en que a súa actividade literaria na prensa, especialmente no *Faro de Vigo*, ten unha certa presenza. Poucos meses antes do pasamento confesaba que sempre foi un pouco «folgazán», aínda recoñecendo que «fui la persona más aleccionada para escribir por parte de mi familia y amigos»⁴.

Nestas datas Emilio é coñecido e festexado como orador idóneo en banquetes de amigos. Era dono dunha oratoria florida, delicada e afectuosa, da que eu quedei prendado cando o oín por primeira vez en ourense o 15 de maio de 1966 no multitudinario xantar de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, en vésperas do seu éxodo a Venezuela. Catro anos antes, en 1962, co gallo da viaxe de Emilio, como conferenciante, a Montevideo, o seu gran amigo Álvaro Cunqueiro, sen faltar á verdade, escribía:

Ese fino poeta, esa delicada voz de nuestras Letras que se llama Emilio Álvarez Blázquez, sale para Uruguay, donde, en representación de la intelectualidad gallega, participará en las fiestas que la colectividad galaica en aquella República rioplatense celebra con motivo de la festividad de Santiago Apóstol [...] Tenemos la seguridad de que el éxito acompañará todas las intervenciones de Emilio. Es dueño de un decir irónico y sentimental, con el que fácilmente capta los más variados matices de nuestro país, y cuenta los trabajos y los días de los gallegos que van y vienen por el mundo, a cuya contemplación tantos días ha dedicado. Ostentará con plena dignidad, estamos seguros, la representación de las letras gallegas contemporáneas, en las que figura por derecho propio como un poeta de extraordinaria calidad. Quedan aparte, decorándolo, excepcionales condiciones humanas, genuinamente nuestras, que hacen de él, verdaderamente, un gallego representativo⁵.

En efecto, as súas conferencias, sobre temas só moi indirectamente políticos, foron un éxito. Hai que salientar a que pronunciou co título «Viaxe en torno á cantiga popular galega», no Centro Galego de Montevideo, onde foi presentado por un ilustre exiliado, Lois Tobío. Dous anos despois, en 1964, gaña o Premio de Poesía Galega de Buenos Aires cun poemario que nunca se publicou e sobre o que non existen noticias precisas. Anos antes, en 1957, a Real Academia Galega recoñeceu o seu labor literario nomeándoo académico correspondente.

O 4 de xaneiro de 1964 casa, en vigo, ós 45 anos de idade, con Josefina Pazos Vilas, mestra, coa que terá dous fillos: Emilio e Cristina. A nova situación familiar non introduciu, na súa actividade literaria, ningún cambio esencial. Emilio seguiu escribindo pouco e non se sabe que idease un proxecto literario de certa ambición: notas na prensa, poemas esporádicos, páxinas emotivas para algún amigo...

Emilio, orador florido, irónico e sentimental, gustaba de recitar, o que facía sempre co aplauso dos concorrentes. Recitaba con entusiasmo, case sempre a petición de amigos e letraferidos, o seu [18] «Romance del peón caminero», reeditado varias veces desde 1963. Anos despois, en 1974, un cancro de larinxe anulouno para a oratoria e a recitación. Aínda así, no final da súa vida, refírese á dura experiencia sen dramatismo. Á pregunta se estaba «traumado desde su operación de garganta» responde:

⁴V. entrevista citada na nº 1.

⁵«Emilio Álvarez Blázquez, al Uruguay», *Faro de Vigo*, xullo, 1962 (Anónimo, cóstanos que é de Á. Cunqueiro).

Si, porque no puedo recitar el «Romance del peón caminero», que se hizo muy famoso. Fue escrito cuando yo contaba 18 años, y todos mis amigos me pedían que lo recitase en las cenas y homenajes. De este romance llegaron a hacerse cinco ediciones, hoy agotadas. Si me pregunta cuanto costaba, le diré que era gratis, pero tiene mucho mérito que, aun siendo gratuita, la gente pida poesía por favor⁶.

Días finais (e despois)

Quen convivía desde había nos cun cancro de larinxe, en 1988 contrae un de fígado, do que morre o 22 de decembro dese ano. En carta do 12 de maio dese 1988 comunícame:

A noticia de que a miña «terra de matute»⁷ figurará como epílogo na obra preparada por ti sobre Castelao, écheme de alegría⁸ [...]

Ando moi mal de saúde, moi mal. Dentro dun tempinho, si melloro, buscarei as miñas escasas prosas para entregarllas á túa man laboriosa, que non cesa de arar e sementar no eido cultural de Galicia.

Había tempo que eu lle fixera saber que as súas páxinas en prosa, -«escasas», sen dúbida- deberían ser recollidas en volume, reco-[19]lleita que eu estaba disposto a facer con gusto. A enfermidade impediulle xuntar para min as prosas que el tiña en caixóns e carpetas, quizais non todas.

Hoxe cumpro, en certo modo, aquel vello e fervente desexo: Xerais publica, na máis ilustre das súas coleccións literarias, unha escolma significativa da obra poética e da obra prosística de Emilio Álvarez Blázquez. Era unha voz literaria que reclamaba, desde hai tempo, un tratamento destas características. Para ben do escritor e dos lectores, preparou a presente edición Miro Villar, poeta que explica con intelixencia e sensibilidade ós poetas, como saben ben todos aqueles que coñecen os seus estudos (sobre Xervasio paz Lestón, Antón Zapata, Alexandre Criebeiro...). Eu limiteime a poñer nas súas mans un feixe de versos e prosas que viñen arrecadando desde hai vinte anos, labor no que tiven un colaborador cálido e eficaz, Álvaro Álvarez Blázquez. Pero da selección é responsable Miro Villar con cuxo criterio, quizais un pouco severo na obra en prosa, estou, no esencial, de acordo. A Miro Villar débese o excelente estudo literario, o glosario e a selección dos textos que figuran no apéndice. Emilio Álvarez Blázquez, que non merecía menos, está de noraboa. Eu síntome plenamente satisfeito coa miña condición de incitador, e afortunado por propoñer a Miro Villar como editor desta Escolma.

⁶ Vid. entrev. cit. na n.1.

⁷ Refírese ó seu fermosísimo artigo «Terra de matute para Castelao», *Faro de Vigo*, 10-6-1984.

⁸ *Coroa poética para Castelao*, Sada: Edicións do Castro, 1988.